

**9.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1 DE MARZO DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 8/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 20 FEBREIRO DE 2017.**

Aprobouse a acta núm. 8/2017 de data 20 de febreiro de 2017.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Vista Alegre, núm. 35, parroquia de Soutolongo en Lalín.

**3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

3.1.- Acordase CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN no lugar de Botos núm.2, parroquia de Botos–Lalín.

#### **4.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.**

4.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para rede e acometida de gas na rúa 20, 2 – Lalín.

4.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para acometida de gas na rúa Pintor Laxeiro, 11 – Lalín.

4.3.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para acometida de gas na rúa Pintor Laxeiro, 10 – Lalín.

4.4.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para acometida de gas na rúa Pardo Bazán, 8 -Lalín.

4.5.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para acometida de gas na r/ Principal, 9 – Lalín.

4.6.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acometida de gas na r/ Polideportivo, 21 – Lalín.

4.7.- Acordouse corrixir o erro na proposta que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 06 de febreiro de 2017.

#### **5.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.**

5.1.- Acordouse dar de alta varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador.

#### **6.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

6.1.- Acordouse aproba o informe emitido polo Xefe do Servizo de Persoal e Emprego de data 24 de febreiro de 2017, en relación a RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA vía xurisdiccional social presentada por unha Traballadora Municipal.

#### **7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

7.1.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo o contrato administrativo denominado “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CONSTRUCCION E PINTURA PARA O CONCELLO DE LALIN, LOTE NÚM. 1: PINTURAS”.

7.2.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo o contrato administrativo denominado “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CONSTRUCCION E PINTURA PARA O CONCELLO DE LALIN, LOTE NÚM. 2: MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN”.

7.3.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O MULTIUSOS LALIN ARENA.

7.4.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL PARA O CONCELLO DE LALÍN”.

7.5.- Acordouse adxudicar o contrato de servizos denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL ÁNGEL CORTIZO”.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

8.1.- Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00011 por importe de 45.928,01 €.

## **9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

9.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “SUBMINISTRO MATERIAIS PARA A CONSERVACIÓN E BACHEO DAS PISTAS ASFALTADAS NO CONCELLO DE LALÍN”.

9.2.- Acordouse solicitar á Deputación provincial de Pontevedra a reinversión de parte da baixa sobrante da adxudicación do investimento denominado “REHABILITACIÓN E SANEAMENTO DA RONDA ESTE-NORTE.

9.3.- Acordouse denunciar o contrato suscrito do albergue de peregrinos de A Laxe-Bendoiro.

9.4.- Acordouse a realización dun curso de GIS necesario para a utilización do programa para o traballador municipal.

9.5.- Acordouse corrixir o erro padecidono acordo da Xunta de Goberno

Local, en sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2017.

9.6.- Acordouse aprobar as altas no programa Xantar na Casa.

9.7.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social por importe total de 200 €.

9.8.- Acordouse a concesión de axuda de inclusión social por importe total de 250 €.

9.9.- Acordouse autorizar a celebración de Feiradeza.

9.10.- Acordouse aprobar a concesión das taxas de tramitación do certificado dixital de representante de persoa xurídica, a nome dun funcionario municipal.

9.11.- Acordouse aprobar a Memoria de febreiro de 2017 realizada polo Arquitecto Técnico Municipal na que se detallan as obras a realizar nos locais sociais das parroquias de Noceda e A Xesta.

9.12.-Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida en virtude do Convenio de Colaboración para a celebración da Cabalgata de Reis Magos.

## **10.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

10.1.- Acordouse corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de febreiro de 2017.

## **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

11.1.- Acordouse conceder autorización municipal para utilizar a sala “Salón Teatro” do Auditorio Municipal o día 18 de marzo de 2017.

11.2.- Acordouse conceder autorización municipal para utilizar a sala “Salón Teatro” do Auditorio Municipal o día 30 de abril de 2017.

11.3.- Acordouse conceder autorización municipal para utilizar a sala “Salón Teatro” do Auditorio Municipal o día 17 de maio de 2017.

11.4.- Acordouse conceder autorización municipal para utilizar a sala “Salón Teatro” do Auditorio Municipal o día 17 de xuño de 2017, dende as 15:00 horas ás 22:00 horas para a realización IIº Festival de Coros Xuvenís.

11.5.- Acordouse conceder autorización municipal para usar o salón de actos da biblioteca municipal “Varela Jacome” do Concello de Lalín.

11.6.- Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Auditorio para o día 25 de marzo de 2017, en horario de 10:00 horas ás 13:30 horas.

11.7.- Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Salón Teatro do Auditorio Municipal, para o día 13 de marzo de 2017.

11.8.- Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Salón Teatro do Auditorio Municipal, para o día 16 de marzo de 2017, a partir das 18:00 horas.

11.9.- Deuse conta escrito remitido comunicando a listaxe de persoal do Corpo da Policía Local deste Concello de Lalín aos que se lle concede o distintivo de permanencia por ter cumpridos no ano 2016, 25 anos de servizo.

11.10.- Deuse conta escrito no que comunica a baixa voluntaria, por incorporación a outro posto de traballo, dun alumno traballador do obradoiro de emprego “Rivero Social Lalín”.

11.11.- Deuse conta escrito co que achega copia da resolución de remate do control arqueolóxico do proxecto de paisaxismo no contorno do Pazo de Liñares, Lalín.

11.12.- Deuse conta escrito no que comunican que con data de entrada no rexistro do Concello de Lalín 10 de setembro de 2015, notificóuselle como titular que consta no Rexistro da Propiedade da parcela onde se asenta o Centro Sociocomunitario da Administración Autonómica en Lalín.

11.13.- Deuse conta escrito co que achegan informe en relación á situación dos convenios asinados relativo aos espazos cedidos no Pazo de Liñares para a creación do Centro de Xestión do coñecemento arqueolóxico e os espazos no edificio do Concello de Lalín para a creación de Castrodeza: lendas, castros e gastronomía.

11.14.- Concedeuse autorización municipal para a cesión do Salón de actos da UNED para o día 15 de marzo de 2017.

11.15.- Acordouse desestimar a solicitude presentada no que solicitan certificación por parte do Concello de Lalín de cesión do Local Social de Palio.

11.16.- Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Salón Teatro do Auditorio Municipal para realizar unha representación teatral infantil o domingo día 26 de marzo de 2017, en horario de 15:30 horas ás 20:00 horas.

-----